

## EXAME TIPO

---

As cuestións que se puntuaran da seguinte forma: ben contestada 0,4 puntos; en branco 0 puntos; mal contestada: -0,2

---

### 1. Pon un exemplo de recurso

Renovable \_\_\_\_\_  
Potencialmente renovable \_\_\_\_\_  
Non renovable \_\_\_\_\_

### 2. ¿Que se entende por poboación?

Todas as plantas e animais dunha localidade  
 Todos os membros da mesma especie presentes nunha localidade  
 O número de especies diferentes dunha localidade

3. A segunda lei da termodinámica sostén que, cando a enerxía cambia dunha forma a outra, esta se degrada a unha enerxía de menor calidade. Explica como actúa nas redes tróficas.

4. *“Un exceso ou defecto de calquera factor abiótico pode limitar ou impedir o crecemento dunha poboación, incluso se todos os demais factores están dentro ou cerca da banda óptima de tolerancia”* coñécese como

Lei da tolerancia  
 Primeira lei da termodinámica  
 Principio do factor limitador

### 5. Diferenza entre produtividade primaria bruta e P. P. neta

### 6. A biodiversidade comprende:

—  
—  
—

### 7. ¿Que se entende por capacidade de carga dunha poboación nunha localidade?

### 8. Esquema do ciclo bioxeoquímico do nitróxeno

9. Indica (tacha as incorrectas) das seguintes características cales pertencen a ecosistema maduro dentro da sucesión ecolóxica:

Eficacia no reciclado de nutrientes	Baixa	Alta
Diversidade de especies	Alta	Baixa
Redes alimentarias	Sixelas	Complexas
Talla media dos organismos	Pequena	Grande

### 10. Debuxa a estrutura de idade dunha poboación en rápido crecemento e doutra avellada.

11. Ordena segundo consumo decrecente de enerxía (unidades por Km e pasaxeiro) os seguintes tipos de transporte:

Aviación \_\_\_Autobús interurbano\_\_\_Motocicleta\_\_\_Automóbil\_\_\_Ferrocarril\_\_\_

### 12. Lista os aspectos que caracterizan unha xestión viable dos bosques

**13. Unha especie é propensa á extinción (tacha o incorrecto):**

Se a súa taxa de reprodución é baixa ou alta

Se é especialista ou xeral

Se a súa distribución é ampla ou reducida

Se pertence a un nivel trófico superior ou inferior

Se é comercialmente valiosa ou non valiosa

**14. Indica que se considera máis prexudicial para as pesqueiras mariñas:**

Sobrepesca

As mareas negras

O cambio climático

**15. O pesticida ideal é aquel que (si/non):**

Presenta un amplo espectro de acción

Degrádase lentamente

Causa resistencia xenética soamente nas pragas que combate

**16. O pH da auga de chuvia en equilibrio cos gases atmosféricos é: 3,2 5,6 7 8,2**

**17. Na prevención da contaminación ¿que estratexia che parece máis axeitada? Razona a resposta:**

pau (multas, impostos, regras)  cenoria (incentivos, subvencións, exención fiscal)

ambas  ningunha

**18. ¿Cal é o principal gas invernadoiro atmosférico?**

Nitróxeno

Dióxido de carbono

Metano

**19. Lista os métodos preventivos e de limpeza para enlentece o posible quecemento terrestre:**

**20. Moitos dos grandes transvases realizados ilustran o principio ecolóxico: *non podes facer só unha cousa*. Lista as vantaxes e inconvenientes de subministrar auga por transvase dunha cunca a outra.**